

**10 de Outubro**

## **Día Mundial da Saúde Mental**

### **En defensa dos dereitos, da plena atención sanitaria, da cobertura social, do emprego, dos dereitos civís e da non discriminación das persoas con Trastorno Mental Grave**

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) diante da grave situación asistencial, social e laboral na que se encontran os galegos e galegas con Trastorno Mental Grave, chama a atención de toda a sociedade galega (das súas Institucións, das súas organizacións, dos seus representantes, dos medios de comunicación, e de todos os cidadáns e cidadás) sobre as carencias e abandono progresivo que están a sufrir máis de 75.000 persoas, coas que a Administración e a sociedade no seu conxunto teñen contraída a obriga de proporcionarlles os medios asistenciais, sociais e laborais necesarios para poder vivir con normalidade e dignidade no espazo social común.

A crise económica e a xestión realizada da mesma polo Goberno Central e a Xunta de Galicia embrocáronse máis ós máis pobres, debilitaron máis ós máis débiles, e marxinaron máis ós que xa estaban marxidados. Accións dos gobernantes como a supresión da cobertura universal da atención sanitaria, a redución das prestacións ós dependentes, a privatización de servizos públicos, a ausencia de plans de inserción laboral e outras políticas activas de emprego, os proxectos de reforma do Código Penal,..., agravaron as condicións de existencia de amplos colectivos da poboación. Como resultas diso, os que estaban mal agora están moito peor.

É unha cuestión elemental de xustiza e de dignidade, tamén da que temos quen somos coñecedores do que está a ocorrer, afrontar as actuacións que crean esta situación. Non podemos permanecer pasivos e deixar que sigan as cousas polo camiño que van.

Quen tiña que responder ás necesidades deste amplo colectivo, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, está a adicarse á privatización do patrimonio sanitario de todos e a potenciar o negocio sanitario duns poucos. O Goberno, que debería estar utilizando os presupostos públicos para reducir a desigualdade social, está a contribuír co seu labor a protexer e aumentar os beneficios de minorías que xa estaban sobradas de riquezas.

O Día Mundial da Saúde Mental debe ser unha ocasión para que fagamos visible ó longo dos días que o preceden, nese mesmo día e nos tempos inmediatos que o han de seguir, as necesidades urxentes en saúde mental, e para que elaboremos democraticamente as respostas que deben darse de inmediato.

O MGSM, a través de actos públicos, de iniciativas cara os Grupos Parlamentares, por medio da difusión de información e con actos que chaman a atención sobre esta realidade, esixe:

- A atención á saúde mental ten que situarse entre as prioridades sanitarias. Han de aumentarse os recursos de xeito acorde co aumento das necesidades. Deben

desenvolverse os plans e a Estratexia en Saúde Mental que a situación en Galicia necesita con urxencia .

- Ten que reforzarse, prioritariamente, a atención sanitaria ás persoas con trastorno mental grave. En particular a atención comunitaria e a rehabilitación psicosocial. Urxe a presentación de plans funcionais en tódalas áreas sanitarias.
- Debe cumprirse o previsto na Lei de Dependencia e ampliarse as medidas de protección social ás persoas afectadas por trastorno mental grave.
- Necesítanse políticas activas de emprego para promover a incorporación ó traballo das persoas con trastorno mental grave de xeito acorde coas súas capacidades e necesidades.
- Debe impedirse a elaboración e promulgación de calquera medida legal, en particular a que aínda se pretende na reforma do Código Penal, que poida discriminar negativamente ás persoas con trastorno mental. O proxecto do Ministerio de Xustiza aínda non está abandonado, e só contribúe a aumentar a estigmatización das persoas afectadas por trastornos mentais e, con iso, o seu sufrimento e exclusión social.

Por estes motivos, con estas reivindicacións e co coñecemento que as sustentan, o MGSM chama a tódalas persoas e organizacións que o forman á implicación nas accións que se desenvolvan, a desenvolver iniciativas alí onde traballen, alí onde se relacionen ou alí onde vivan.

O 10 de outubro debe ser un día no que Galicia coñeza máis de como está, no que as persoas afectadas por trastorno mental grave sintan que teñen un lugar estimable na sociedade e que todos defendemos con eles os seus dereitos, e tamén no que quen nos goberna responda publicamente do que non está a facer.

En Santiago a 3 de outubro de 2014